

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE FEBREIRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Proxecto de lei polo que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, con 44 federacións deportivas galegas, co fin de establecer as bases de colaboración deportiva e económica para a realización das actuacións, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen en réxime de exclusividade cun investimento total dun millón cincocentos setenta e dous mil seiscentos doce euros (1.572.612,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión, en réxime de concesión, dos servizos de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas en Ferrol, por procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente: PA 71/2015). Importe do orzamento: trescentos vinte mil catrocentos trinta e nove euros con sesenta céntimos (320.439,60€). Valor estimado: once millóns cincocentos quince mil cincocentos oitenta e un euros con setenta e tres céntimos (11.515.581,73 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión en réxime de concesión dos servizos de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas en Ribeira, por procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente: PA 92/2015). Importe do orzamento: trescentos dezaseis mil cincuenta euros con trinta céntimos (316.050,30 €). Valor estimado: dez millóns sesenta e oito mil oitocentos setenta e un euros con dez céntimos (10.068.871,10 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativa á contratación da reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia, en diversos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, por procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente: PA 93/2015). Importe do orzamento: dous millóns vinte e un mil trescentos setenta e nove euros con trinta e seis céntimos (2.021.379,36 €). Valor estimado: setenta e tres millóns trescentos cincuenta e dous mil trescentos cincuenta euros con cincuenta céntimos (73.352.350,50 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a oferta de emprego público 2016.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe polo que se dá conta da aprobación do Plan xeral de ordenación municipal de Carballo (A Coruña).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan de inspección no traballo para o ano 2016.
- Informe sobre a evolución do Programa préstamos Igape-Jeremie.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe do 2º semestre de 2015, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a colaboración para a creación dunha rede integrada de laboratorios de interese en saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia.

A XUNTA ACTUALIZA A LEI DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA SEGUNDO AS NOVAS NORMATIVAS VIXENTES

- *Elimina o tope de idade dos 36 anos para acceder ao corpo de policía local galego*
- *Prodúcese unha mellora nos procesos de cobertura de prazas de mandos, que facilita tanto a promoción interna, como a mobilidade con ascenso desde outros corpos*
- *Elimina a dispensa dun grao na titulación, recollido na Lei anterior para determinados procesos de integración e de promoción*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao anteproxecto de Lei de modificación da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais de Galicia co fin de actualizala e adaptala ás novas normativas vixentes, establecendo unha serie de cambios e axustes que permitan acadar un maior índice de eficacia na organización e estrutura dos cadros de persoal das policía locais.

Deste xeito, mantendo a estrutura fundamental da Lei 4/2007, o goberno galego modifica unha serie de artigos cuxa modificación resulta obrigada para axustalos tanto aos contidos normativos de carácter básico, como ás sentenzas dos tribunais que resultan de obrigada observación, e para permitir unha maior eficacia da Lei en determinados aspectos operativos e de organización dos corpos de policía local, favorecendo tanto aos propios concellos como ao persoal que se integra nestes corpos.

Este anteproxecto especifica que a comisión de coordinación reunirse preceptivamente, con carácter ordinario, dúas veces ao ano, e de forma extraordinaria por petición dun terzo das persoas que a integran ou por disposición da Presidencia, e non unha reunión trimestral coma na anterior. Modifica tamén as escalas, os grupos de clasificación e as titulacións, correspondendo cada escala cos seguintes grupos de clasificación, as escalas superior e técnica, grupo A subgrupo A1; a escala executiva, grupo A subgrupo A2; e a a escala básica, grupo C subgrupo C1. Ademais a titulación exigible para cada grupo ou subgrupo será a establecida na lexislación xeral sobre función pública."

Proceso de selección

Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria deberán conter o número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional; as condicións e os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes; o sistema selectivo aplicable, con indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios, ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos; o programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial; a orde de actuación das persoas aspirantes; réxime aplicable ao órgano de selección; as

características, os efectos e a duración dos cursos e/ou do período de prácticas que deban realizar, de ser o caso, as persoas seleccionadas, e a porcentaxe de prazas reservadas para a promoción interna e para persoas con discapacidade. Ademais, as convocatorias e as súas bases publicaranse no boletín oficial da provincia, así como un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

As probas selectivas para ingresar nas escalas e categorías dos corpos da Policía local de Galicia son de carácter teórico e práctico e poden incluír probas de capacidade física, psicotécnicas, médicas e de coñecementos, que se fixarán nas bases da convocatoria. Así mesmo, deberáse demostrar o coñecemento do idioma galego. Por vía regulamentaria fixaránse os programas dos temarios para o ingreso na categoría de policía, os baremos dos concursos de méritos e os programas dos cursos selectivos que se desenvolvan na Academia Galega de Seguridade Pública.

Ademais, os concellos poderanlle solicitar á consellería competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza. E a Xunta poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden.

Requisitos de ingreso no corpo de Policía Local de Galicia

Ademais de estar en posesión da titulación requirida en cada caso, os requisitos de ingreso nos corpos de Policía local de Galicia serán os establecidos con carácter xeral para o ingreso na Administración local e os relacionados co carácter específico deste corpo, os cales se determinarán regulamentariamente. O novo texto elimina o tope de idade para poder acceder ao corpo que estaba vixente ata o de agora en 36 anos.

As probas selectivas de ingreso na categoría de policía serán de carácter teórico e práctico e nelas incluírase, en todo caso, un recoñecemento médico, un exame psicotécnico, probas de aptitude física e probas de capacitación de coñecementos, tanto xerais como específicos, en materias relacionadas co exercicio profesional, así como a demostración do coñecemento da lingua galega.

A XUNTA DE GALICIA APROBA OS CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS PARA O ANO 2016

- ***As achegas destinaranse ao desenvolvemento da actividade deportiva ordinaria, á celebración das competicións oficiais, á actividade en idade escolar e a outros gastos e programas federativos, neste 2016***

O Consello da Xunta de Galicia do día de hoxe autorizou a sinatura pola Secretaría Xeral para o Deporte de 44 convenios de colaboración coas federacións deportivas de Galicia. Os convenios autorizados teñen por obxecto o financiamento para este 2016 da actividade federada (actividade ordinaria e competitiva, deporte en idade escolar, tecnificación deportiva, organización de eventos nacionais e internacionais e outros programas federativos).

En total, a autorización do Consello supón un compromiso de gasto para a Secretaría Xeral para o Deporte de 1.572.612 euros, que se veñen sumar ao investimento que, para este mesmo exercicio 2016, o departamento de deportes da Xunta de Galicia xa tiña destinado ás federacións deportivas incluídas no programa Río 2016 (1.655.722 euros), así como unha partida de 194.000 euros destinada á mellora da seguridade nos rallyes galegos e á xestión e utilización deportiva do complexo náutico e campo de regatas de Verducido a través de convenios coas federacións correspondentes en cada caso.

Río 2016 creouse hai tres anos coa finalidade de garantir a máxima viabilidade dos proxectos de preparación olímpica das federacións deportivas cara a cita de Río 2016, polo que se autorizou a subscripción de convenios trianuais a estas federacións. Coa incorporación de halterofilia, o ano pasado, o programa queda conformado por 15 federacións (piragüismo, taekwondo, remo, vela, atletismo, loita, judo, natación, tríatlon, ciclismo, tiro con arco, rugby, tiro olímpico, tenis e halterofilia). A sinatura destes convenios plurianuais permiten ás federacións centrarse na realización dos seus programas de promoción, tecnificación e alto rendemento durante o restante período de preparación olímpica (2016).

De forma anual a comisión de seguimento estuda e axusta estes convenios ás necesidades que xorden cara ao novo ano olímpico. Unha das características do programa Río 2016 é recoller unha partida (137.979 euros) destinada aos 66 deportistas que están loitando, neste ano 2016, pola súa clasificación para os Xogos Olímpicos e Paralímpicos.

A medida aprobada hoxe permite á Secretaría Xeral para o Deporte executar para o 2016 unha das súas principais competencias, que é o apoio ao tecido deportivo de Galicia a través da colaboración coas súas federacións deportivas.

A XUNTA DE GALICIA AUMENTA AS PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN DIÚRNA TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS EN RIBEIRA E MANTÉN O NÚMERO EN FERROL

- *O centro de atención diúrna da localidade do Barbanza contará con cinco prazas máis, ascendendo o total a 35*
- *A Consellería de Política Social porá en marcha a contratación do servizo que contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada*
- *A Administración autonómica investirá neste fin máis de 315.000 euros en Ribeira e máis de 320.000 euros en Ferrol*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a autorización do contrato de xestión, en réxime de concesión, do servizo público de atención diúrna terapéutica para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas de Ribeira e Ferrol.

Esta nova contratación da xestión do servizo público que ofrece o centro de alzhéimer de Ribeira amplía en cinco o número de prazas públicas que se poñen á disposición da poboación demandante deste servizo. Deste xeito, non só se dá continuidade ás 30 prazas públicas de atención especializada xa existentes, senón que se crean cinco novas prazas, ascendendo o total a 35 prazas ofertadas no centro de atención diúrna de alzhéimer de Ribeira, pertencente á Xunta de Galicia e xestionado de forma indirecta.

Para o mantemento das prazas na localidade ribeirense, a Administración autonómica investirá 316.050,30 euros nun contrato que comprenderá o período existente entre o 1 de maio e o 31 de decembro de 2016. En calquera caso, poderá prorrogarse por períodos máximos de 3 anos, ata acadar a duración máxima de 20 anos. Con esta novidade garántese unha maior estabilidade, non só económica senón organizativa, que repercutirá de xeito moi positivo na atención das persoas usuarias.

No caso de Ferrol, a través don contrato de xestión aprobado, dáse continuidade á existencia das 40 prazas públicas de atención especializada no centro de atención diúrna de alzhéimer, pertencente á Xunta de Galicia e xestionado de forma indirecta.

Na cidade naval, a administración autonómica investirá máis de 320.439,60 euros para o mantemento das prazas, nun contrato que se desenvolverá entre o 1 de maio e o 31 de decembro de 2016, e coas mesmas condicións de prórroga que no caso de Ribeira.

A ampliación e mantemento do servizo contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas que precisan atención, así como das súas familias. Así mesmo, este contrato diminúe o déficit de recursos especializados na atencións das persoas con alzhéimer e

outras demencias neurodexenerativas en situación de dependencia, evitando que esta situación constitúa un factor máis de illamento ou exclusión social.

Con esta medida, o Goberno galego amosa o seu compromiso coas persoas dependentes, dando continuidade a un recurso especializado que responde a unha necesidade real e incrementando o número de servizos públicos para o benestar deste colectivo.

A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL GARANTE A CONTINUIDADE DO SERVIZO PÚBLICO RESIDENCIAL EN DIVERSOS CONCELLOS GALEGOS

- *A Xunta aprobou a autorización do expediente para a contratación da reserva e ocupación de 165 prazas públicas*
- *O orzamento destinado pola Administración autonómica superará os dous millóns de euros*
- *Como novidade, a contratación establece prórrogas por períodos máximos de tres anos, cunha duración máxima de 20 anos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a autorización do expediente para a contratación da reserva e ocupación de prazas correspondentes ao servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en diversos concellos galegos. Deste xeito, a Consellería de Política Social posibilita a continuidade da atención, mediante praza pública, de 165 persoas dependentes. O mantemento de prazas residenciais para persoas en situación de dependencia contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas que precisan de atención sociosanitaria, así como das súas familias.

O importe do orzamento destinado ao mantemento de prazas é de 2.021.379,36 euros e o contrato terá unha duración inicial de oito meses, dende o 1 de maio ata o 31 de decembro de 2016. Como novidade, esta contratación incorpora unha previsión de prórroga por períodos máximos de tres anos, que podería acadar unha duración máxima de 20 anos e tres meses. Deste xeito, garántese unha maior estabilidade, non só económica senón organizativa, que repercutirá de xeito moi positivo na atención e no benestar das persoas usuarias que non se verán condicionadas a permanecer nun centro determinado en función dos posibles cambios de xestor do servizo.

Esta actuación inscríbese na aposta do Goberno galego pola atención á dependencia mediante unha atención especializada e vén reforzar a aposta pola carteira de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, fomentando o emprego neste tipo de servizos. Desde a Administración autonómica, estase a incrementar de xeito progresivo este tipo de recursos na medida en que responde a unha necesidade real.

Mellora nos servizos e maior cobertura

O novo impulso social que se recolle nas contas da Xunta de Galicia para 2016 permitirá que 10.000 novas persoas se beneficien dos servizos de atención á dependencia, chegando así a unha ratio de cobertura do 75%. Na actualidade hai 40.000 dependentes atendidos polo Sistema para a autonomía e atención á dependencia e o obxectivo é chegar a 50.000 ao longo do vindeiro ano.

A Comunidade Autónoma de Galicia é pioneira en ter unha carteira específica de servizos sociais dedicada á atención á dependencia e promoción da autonomía, o que permite ofertar unha maior especialización e programas concretos para este colectivo. Así mesmo, o ámbito da dependencia é o que absorbe máis recursos económicos na Consellería de Política Social: un total de 324,2 millóns de euros. Esta cifra supón un aumento de 26 millóns de euros con respecto á presente anualidade.

A XUNTA DUPLICARÁ NESTE 2016 A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CON PRETO DE 2.400 PRAZAS

- *A oferta de emprego público para 2016 incluírá prazas nos eidos de educación (1.112), sanidade (818) e Administración xeral (448)*
- *No eido dos servizos sociais, a Administración galega sacará a oposición 146 prazas de auxiliar de enfermaría, camareiro-limpador e axudante de cociña*
- *Por primeira vez dende 2003, inclúese o servizo de prevención e extinción de incendios na oferta de emprego, con 124 prazas*
- *A Xunta prevé aprobar antes do verán a convocatoria dos procesos selectivos nestas dúas áreas*
- *Como novidade, convócanse por primeira vez en Galicia 22 prazas de especialistas en seguridade e saúde no traballo, co obxectivo de favorecer a redución da sinistralidade laboral*
- *Outras 116 prazas ofrécese á promoción interna, o que permitirá aos empregados públicos acceder a un posto de maior categoría garantindo a promoción profesional*
- *As 1.112 prazas no eido educativo inclúen 500 prazas para mestres, 478 para docentes de ensinanza secundaria, 122 para profesores de FP e 12 na Inspección*
- *Nas próximas datas concretarase a distribución das 818 prazas no eido sanitario*

A Xunta de Galicia prevé ofertar neste 2016 un total de 2.378 prazas nas súas ofertas de emprego público (OEP), o que permitirá duplicar as 1.163 prazas incluídas na oferta de emprego do pasado ano. Así o reflicte un informe presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

En concreto, a oferta de emprego público da Administración galega para o ano 2016 contará con 1.112 prazas correspondentes a persoal docente, 818 prazas para persoal sanitario e 448 para persoal da Administración xeral. Neste ano producirase un incremento de 1.215 prazas respecto ao pasado, xa que a OEP de 2015 incluíu 1.163 prazas: 446 en Educación, 344 no Sergas e 373 en Administración xeral.

Administración xeral

No ámbito da Administración xeral, a Xunta convocará no eido de servizos sociais 146 prazas para persoal laboral, o que permitirá aumentar a estabilidade no emprego desta área e mellorar a prestación do servizo. Do total, 70 prazas son na categoría de auxiliar de enfermaría e outras 76 nas categorías de camareiro-limpador e axudante de cociña. A previsión da Xunta é convocar as oposicións antes do verán.

Por primeira vez dende 2003 a Administración galega incluírá na oferta de emprego o servizo de prevención e extinción de incendios. A Xunta convocará 124 prazas para reforzar este servizo, das cales 94 serán nas categorías de condutor de autobomba, vixilante, emisorista, peón e peón condutor, e non exixirán titulación específica. As

outras 30 prazas son para persoal funcionario das escalas de enxeñeiros de montes, enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas e enxeñeiros técnicos forestais. A previsión da Xunta é tamén convocar as oposicións antes do verán, e os exames serán en todo caso despois da campaña de verán para non interferir no dispositivo de loita contra os incendios da Xunta.

Ademais, a Xunta convocará por primeira vez na historia da autonomía 22 prazas de especialistas en seguridade e saúde no traballo, incluídas prazas de especialista en seguridade no traballo, en hixiene industrial e en ergonómia e psicosocioloxía aplicada. Isto servirá para favorecer a redución da sinistralidade laboral. A Xunta ten a previsión de convocar estas oposicións a finais deste 2016 ou principios do vindeiro ano.

Finalmente, no eido da Administración xeral ofertaranse outras 40 prazas no corpo de xestión (A2), no corpo auxiliar (C2) e na agrupación profesional do persoal funcionario subalterno. E a Xunta ofertará outras 116 prazas de promoción interna, o que permitirá aos empregados públicos acceder a un posto de maior categoría sempre que reúnan os requisitos e superen o correspondente proceso selectivo. Dentro delas, 16 prazas serán nas escalas de informática (A1 e A2), e as outras 100 para os corpos superior (A1), administrativo (A2) e auxiliar (C2) da Administración xeral.

A Xunta convocará nas próximas datas a mesa de negociación sindical para trasladar a oferta de emprego público no eido da Administración xeral. Ademais, celebrará mañá a reunión do Consello Asesor para a integración da discapacidade na función pública, para debater a oferta coas organizacións sindicais e asociacións representativas do sector.

Ámbito educativo e sanitario

No que se refire ao ámbito educativo, a Xunta xa trasladou aos representantes sindicais que ofertará neste ano 1.112 prazas, máis do dobre das incluídas na OEP de 2015, que foron 446. Desta cifra, 500 corresponde a prazas de mestres, distribuídas entre Educación Infantil (186), Inglés (56), Audición e Linguaxe (56), Pedagogía Terapéutica (56), Educación Primaria (40), Educación Física (40), Música (36) e Francés (30). Outras 478 prazas serán para profesores de ensinanza secundaria, mentres que 122 se destinan a profesores técnicos de FP e as 12 prazas restantes son para inspectores de Educación.

Respecto ao persoal sanitario, o Servizo Galego de Saúde ofertará este ano 818 prazas, o que supón máis do dobre que a oferta do ano anterior (344). Na próxima semana celebrarase a mesa sectorial de negociación coas organizacións sindicais, na que se concretará por categorías e especialidades a distribución do total das prazas da oferta.

Cumpre a lexislación estatal

As ofertas de emprego público da Xunta para 2016 cumpren o establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado, que dispón que no presente exercicio unicamente se procederá no sector público autonómico á incorporación de novo persoal, con suxeición ás limitacións e requisitos establecidos nesa norma. Así, en determinados sectores prioritarios establécese unha taxa de reposición de efectivos de ata un máximo do 100%. Así mesmo, noutros sectores non prioritarios, a taxa de reposición fíxase ata un máximo do 50%.

Os procesos selectivos que se realicen terán carácter aberto e garantirán a libre competencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna, polo que a selección do seu persoal garantirá os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade no acceso ao emprego público.

ANEXO PRAZAS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2016:

		Prazas
Admin. xeral	Servizos sociais	146
	Servizo de prevención e extinción de incendios	124
	Seguridade e saúde laboral	22
	Corpo de xestión, auxiliar e subalterno	40
	Corpo Superior, administrativo e auxiliar (prom.interna)	100
	Informática (prom.interna)	16
	TOTAL Administración xeral	448
Educación	Mestres	500
	Profesores ensinanza secundaria	478
	Profesores técnicos de FP	122
	Inspección de educación	12
	TOTAL Educación	1.112
Sanidade	TOTAL Sergas (Por concretar categorías)	818
	TOTAL Xunta de Galicia 2016	2.378

A APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CARBALLO RESTABLECE A SEGURIDADE XURÍDICA NECESARIA PARA O DESENVOLVEMENTO E PROTECCIÓN DO CONCELLO

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á aprobación do Plan Xeral de Carballo*
- *O Concello rexíase por unhas normas subsidiarias e complementarias de planeamento de 1978*

O Consello da Xunta deu a súa conformidade para a aprobación do Plan xeral de ordenación municipal de Carballo, co que se permite restablecer a seguridade xurídica necesaria para o desenvolvemento e protección deste concello galego.

Trátase do último trámite para aprobación definitiva do plan xeral, despois de comprobar que se emendaron neste novo documento achegado polo concello, as indicacións da orde de non aprobación emitida en xullo de 2015.

Así mesmo, tal e como recollen os artigos 13.4 e 32.2.f da Lei do solo para delimitar crecementos cara ao mar na franxa dos primeiros 200 metros cara á costa e para poder excluír do solo rústico de especial protección de espazos naturais os terreos necesarios para a delimitación dos núcleos rurais, é preciso autorización expresa do Consello da Xunta.

Grazas á aprobación definitiva do PXOM mellorará a calidade de vida e o medio físico en que habitan os 31.300 veciños de Carballo, ao mesmo tempo que se promove un medio sustentable. A dotación dun PXOM adaptado á lei vixente favorece a súa aplicación, o que supón unha garantía de futuro para a planificación, desenvolvemento e protección do municipio.

No ano 2011, o PXOM aprobado definitivamente no ano 2003 quedou anulado, polo que esta decisión supuxo a recuperación dunhas normas de planeamento do ano 1978, con máis de 35 anos de antigüidade. O novo plan xeral porá fin a unha etapa de incerteza no eido urbanístico motivada pola vixencia de normativas superadas que dificultaban a súa interpretación.

A actual Xunta de Galicia colaborou co Concello de Carballo para que este conte cun planeamento que garanta seguridade xurídica ás actuacións deste municipio; unha colaboración que non só se trasladou nas diferentes reunións técnicas que se celebraron entre os responsables da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e o Concello, xunto co equipo redactor do plan xeral; senón tamén na axuda destinada polo Goberno galego para a súa redacción, subvención que ascendeu a case 330.000 euros.

Ningún concello sen planeamento

Coa aprobación do Plan de xeral de Carballo, na actualidade na Comunidade Autónoma hai un total de 83 concellos con plan xeral aprobado e o de Carballo é o primeiro deste ano.

Un dos retos do Goberno galego é acadar que todos os concellos de Galicia conten con planeamento, que ademais é un dos grandes retos a que vai dar resposta a nova Lei do solo.

A lei achega os instrumentos necesarios para garantir que os 314 concellos de Galicia teñan o seu plan urbanístico e no prazo máis breve posible, grazas a medidas como a simplificación do proceso, creando o informe único autonómico, que evita que os concellos teñan que solicitar todos os informes sectoriais por separado, e tamén axilizándoo, ao entender como positivo o silencio administrativo cando este alcanza os tres meses.

Outra das medidas é a creación de novas figuras como o Plan básico autonómico e os plans básicos municipais, destinados a servir de apoio aos concellos con menos de 5.000 habitantes, que son os que maiores dificultades técnicas adoitan atopar para elaborar un planeamento. Estes concellos terán a liberdade de elixir se fan eles o PXOM ou se o fai a Xunta a través do plan básico municipal.

Por último, para dotar os concellos de planeamento investiranse en 2016 máis de 3,1 millóns de euros en axudas, o que se traduce nun incremento dun 22,6% respecto do ano pasado e dun 82%, se o comparamos co ano 2014.

A XUNTA APROBA O PLAN DE SEGURIDADE VIARIA 2016-2020 CO OBJECTIVO DE REDUCIR NUN 50% AS VÍTIMAS MORTAIS NAS ESTRADAS GALEGAS CON RESPECTO A 2011

- *O Goberno galego define as novas liñas de traballo para acadar a meta marcada pola Unión Europea e as Nacións Unidas*
- *As medidas céntranse na xestión da seguridade viaria, na mellora das vías de tránsito, na seguridade dos vehículos, na formación dos cidadáns e na resposta tras os accidentes*
- *Froito da participación social, o novo Plan aumenta a atención sobre os usuarios vulnerables: peóns e ciclistas, e especialmente en nenos, maiores e peregrinos*
- *A Xunta porá en marcha este ano unha campaña de educación e sensibilización centrada en reforzar a seguridade dos peóns e aumentar a súa visibilidade*
- *Reforzase a seguridade nas marxes das vías autonómicas con cunetas de seguridade, protección de salvacunetas e sistemas de protección de motoristas*
- *O Plan recolle a execución de 170 quilómetros de sendas peonís e carrís bicis a través dun Plan de sendas que será presentado polo Goberno galego nas vindeiras datas*
- *Prevese un investimento total de 300 millóns de euros na conservación e mellora da seguridade viaria das estradas autonómicas, un fin ao que os Orzamentos da Xunta lle dedican este ano máis de 60 millóns de euros*
- *O Goberno galego avalía positivamente o resultado do xa rematado Plan de seguridade viaria 2011-2015, un período no que as cifras de falecidos pasaron de 144 a 91 en zonas interurbanas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020, que ten como obxectivo principal reducir nun 50% as vítimas mortais nas estradas galegas con respecto ao ano 2011. Neste documento defínense as liñas de traballo coas que se quere acadar esa meta, que é a marcada pola Unión Europea e as Nacións Unidas.

Trátase dun documento ambicioso pero realista, que se pon en marcha logo de rematar a vixencia do Plan de Seguridade Viaria 2011-2015, cuxo resultado o Goberno galego avalía positivamente, tendo en conta, ademais, que ao longo dese período as cifras de falecidos nas estradas galegas nas 24 horas posteriores ao accidente pasaron de 144 a 91, en zonas interurbanas.

O novo Plan de Seguridade Viaria está coordinado pola Axencia Galega de Infraestruturas e foi elaborado tras recabar a participación dos distintos colectivos aos que lles foron presentadas as bases do documento, que tamén foi abordado na Comisión autonómica de Tráfico e Seguridade da circulación viaria, na que están

representadas as distintas administracións: central, autonómica e locais, ademais da Garda Civil de Tráfico.

Para a Xunta de Galicia, a seguridade viaria é unha materia estratéxica, xa que se trata da integridade das persoas, de aí que fose abordado como un traballo transversal coa implicación das distintas consellerías e a participación de diferentes axentes sociais, tales como vítimas de accidentes; usuarios das estradas; autoescolas; aseguradoras; sector do transporte; ciclistas e motoristas; peregrinos; enxeñeiros; fabricantes de vehículos ou representantes de centros médicos e psicotécnicos.

O plan confórmase dende unha perspectiva global, posto que inclúe medidas dende todos os ámbitos con incidencia en seguridade viaria e ten a vocación de coordinar as accións que distintos axentes que participan directa ou indirectamente neste ámbito.

O documento define cinco piares que se consideran fundamentais na seguridade viaria, aliñados co Plan Mundial para o Decenio de acción para a seguridade viaria:

- Optimizar a xestión da seguridade viaria
- Acadar vías de tránsito e mobilidade máis segura
- Apostar por vehículos máis seguros
- Mellorar a resposta tras o accidente
- Traballar para para conseguir usuarios de vías de tránsito máis seguros

Froito da participación social, o Plan, elaborado sobre as bases do anterior, aumenta a atención sobre os usuarios vulnerables, peón e ciclistas e, dentro deles, a mellora será relevante para colectivos específicos como nenos, persoas maiores e mesmo peregrinos que estean a realizar o Camiño de Santiago en Galicia, posto que se aplican medidas innovadoras con respecto ao anterior Plan, produto da experiencia na xestión e do proceso de participación na elaboración do Plan.

Así mesmo, a Xunta de Galicia traballará nas vías de titularidade autonómica con medidas específicas para aumentar a seguridade nas marxes das estradas: traballarase na execución de cunetas de seguridade, na protección de salvacunetas, na colocación de barreiras (e sistemas de protección de motoristas), onde é necesario e na súa eliminación onde non é necesario, e na mellora de bifurcacións ante posibles impactos. Esta medida beneficiará especialmente a motoristas, pero tamén reducirá o risco en caso de accidentes de coches ou camións.

Para completar as medidas previstas, a Xunta prevé xa neste 2016 a posta en marcha dunha campaña de educación e sensibilización centrada fundamentalmente en reforzar a seguridade dos peóns e aumentar a súa visibilidade.

300 millóns de euros na conservación e seguridade das estradas

Para poder acadar estes obxectivos son necesarios recursos e, en consecuencia, nas contas públicas correspondentes a 2016 da Xunta de Galicia reserváronse máis de 60 millóns de investimentos para o desenvolvemento da política de conservación de estradas e de mellora da seguridade viaria.

Previse como mínimo manter, senón aumentar, esta partida nos anos de vixencia do Plan, polo que entre 2016 e 2020 se superaría un investimento de 300 millóns de euros en conservación e seguridade viaria. Así, preténdese asegurar o servizo que a Rede Autonómica de Estradas presta aos cidadáns é á economía galega, garantindo a conservación e a vialidade invernal nos seus máis 5.500 quilómetros, fixándose, entre outros, os seguintes obxectivos:

- A reposición de 12.500 sinais.
- A redacción de 250 proxectos nos que se inclúa un anexo específico que avalíe e analice a seguridade viaria.
- A inspección do estado de 630 obras de paso (pasos superiores, inferiores, pontes)
- A instalación de 25.000 m de novos sistemas de protección de motoristas
- O repintado de 12.500 quilómetros de marcas viais
- A execución de 170 quilómetros de sendas peonís e carrís bici. Un mínimo de 100 destes quilómetros serán financiados grazas a fondos europeos dedicados especificamente a este fin a través dun plan que será presentado en próximas datas.

Cifras do Plan 2011-2015

Cómpre sinalar algunhas cifras representativas do traballo das distintas consellerías da Xunta de Galicia no ámbito da seguridade viaria, de acordo coas medidas previstas no anterior plan e desenvolvidas nos seus catro primeiros anos de vixencia:

- **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:** 185 cursos de formación específica en seguridade viaria e na intervención nos accidentes en estradas con máis de 5400 participantes; e 2.019 controis de transporte realizados pola Unidade de Policía Adscrita e 13.694 vehículos inspeccionados.
- **Economía e industria:** 174 técnicos formados en materia de tacógrafos dixitais; e 69 talleres autorizados para instalación e verificación de tacógrafos.
- **Infraestruturas e Vivenda:** 89,73 quilómetros de vías de altas prestacións construídas; 117,5 quilómetros de sendas peonís e beirarrúas construídas; 11.333 sinais repostas; máis de 50 millóns de viaxes nas áreas de transporte

metropolitano implantadas; e 5.993 cursos de formación para as empresas de transporte público e condutores profesionais, nos que participaron 52.415 persoas.

- **Medio Rural:** 1978 intervencións para a mellora dos camiños rurais.
- **Sanidade:** 5.472 asistentes ao programa Cambio de Sentido; 1.328 traballadores sanitarios formados na atención ao paciente politraumatizado; 3.924 cidadáns formados na atención post-accidente; 153 simulacros de atención "in situ" de accidentes.
- **Política Social:** 1.574 persoas maiores formadas en seguridade viaria específica nos centros sociocomunitarios de benestar.
- **Facenda:** 21.000 enquisas sobre a percepción dos usuarios en canto a seguridade viaria.

A XUNTA IMPULSA UN NOVO PLAN DE INSPECCIÓN DE TRABALLO PARA AFIANZAR A CALIDADE NO EMPREGO E A SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

- *A planificación inspectora en Galicia para 2016 recolle un mínimo de 36.000 actuacións, ampliables en función das necesidades do mercado laboral*
- *Céntrase na loita contra a precariedade laboral vixiando, en especial, a temporalidade no emprego*
- *Controlarase con preto de 1.500 actuacións, a fraude nos contratos temporais de cara a impulsar a súa transformación en indefinidos*
- *En materia de seguridade e saúde laboral, refórzase a actividade inspectora na construción e levaranse a cabo campañas específicas na pesca, na comprobación dos riscos musculoesqueléticos ou no sector agrario e sanitario*
- *Desenvolverase unha campaña de asistencia técnica para as empresas de nova apertura co obxectivo de achegarlle a información necesaria en materia de prevención de riscos laborais*
- *Realizaranse preto de 13.000 visitas na loita contra o emprego irregular para detectar faltas de alta na Seguridade Social, traballos de perceptores de prestacións incompatibles ou falsos autónomos*
- *As actuacións desenvolvidas o ano pasado reflicten un descenso do 8,6% no número de actas de infracción redactadas*

A Xunta de Galicia está a impulsar un novo Plan de inspección laboral para garantir e afianzar a calidade no emprego velando, entre outras actuacións, polo cumprimento da prevención de riscos laborais e as relacións laborais nas empresas galegas. O obxectivo é garantir as condicións laborais dos traballadores galegos e mellorar o seu desempeño, contribuíndo ao benestar social. En definitiva, loitar contra a precariedade laboral.

Este plan inclúe en 2016 un mínimo de 36.000 actuacións. Esta cifra é ampliable en función das necesidades do mercado laboral, é dicir, á actividade planificada súmase á derivada das propias denuncias que xurdan dos traballadores.

A Estratexia divídese en catro áreas –prevención, emprego e relacións laborais, seguridade social e economía irregular-, prestándose neste exercicio especial atención á vixilancia das contratacións indefinidas e á seguridade e saúde laboral.

Así, a estratexia, que se coordina coa Inspección de Traballo do Estado, contempla un plan específico para o control dos contratos temporais sen causa, e o impulso da súa transformación en indefinidos. Neste eido, revisarase o correcto uso dos contratos de formación e as prácticas non laborais nas empresas, ao tempo que se vixiarán os contratos a tempo parcial e que se perseguirán as fraudes na contratación.

En total, levaranse a cabo preto de 1.500 actuacións neste eido, cifra que supón máis do 25% das inspeccións programadas no campo do emprego e as relacións laborais, atendéndose de modo especial a aqueles sectores cuxos convenios colectivos establecen porcentaxes de contratos indefinidos en relación coa totalidade do cadro de persoal.

Así mesmo, entre o resto de iniciativas programadas neste campo do emprego e as relacións laborais –que suma preto do 16% do total das actuacións previstas no Plan-, supervisarase, por unha parte, a integración laboral dos discapacitados e, doutra, as condicións en que os traballadores desenvolven o seu emprego –tempo, igualdade efectiva entre homes e mulleres, ou outras discriminacións por razóns distintas ao sexo-.

Pola súa banda, en materia de seguridade e saúde laboral, téñense programado máis de 7.500 ordes de servizo –o 21% do conxunto do plan- entre as que preto da metade se centrarán no reforzo da actividade inspectora na construción. A maior parte das actuacións diríxense á comprobación das condicións materiais de seguridade, ás grandes infraestruturas que se están a desenvolver en Galicia –obras ferroviarias ou autovías-, e á correcta implantación de medidas preventivas nas empresas.

Ademais, levaranse a cabo campañas específicas na pesca, na comprobación dos riscos musculoesqueléticos ou no sector agrario e sanitario. Como principal novidade, desenvolverase unha campaña de asistencia técnica para as compañías de nova apertura co obxectivo de achegarlles a información necesaria en materia de prevención de riscos laborais.

Emprego irregular

Xunto a estes dous primeiros eixos, o Plan de inspección no traballo céntrase no emprego irregular, campo que sumará preto de 13.000 visitas na procura de detectar faltas de alta na Seguridade Social, traballos de perceptores de prestacións incompatibles, falsos autónomos ou o control de aplicacións dos ERE.

Neste marco, cómpre lembrar que o Goberno galego foi pioneiro no desenvolvemento dun plan específico para loitar contra a fraude nas empresas con expedientes de regulación de emprego, que ven levando a cabo desde o 2012. Así mesmo, estase a executar tamén un Plan contra o emprego non declarado, posto en marcha en 2013 para detectar posibles accións fraudulentas no mercado laboral, impulsando o afloramento da economía mergullada cun efecto regularizador das condicións de traballo e de xeración de recursos económicos ao sistema de Seguridade Social.

Por último, e no tocante á propia Seguridade Social, o plan de inspección recolle unha parte específica con preto de 8.500 actuacións encamiñadas a supervisar a correcta inscrición dos afiliados, a cotización, as recadacións e as prestacións.

Deste xeito, o Goberno galego dá continuidade a un programa que busca á protección de traballadores e empresarios e que redundará, en última instancia, en beneficio do conxunto da sociedade. Un plan que, no último ano terminou sumando máis de 80.000 actuacións e rexistrando un descenso do 8,6% no número de actas de infracción estendidas. O grao de cumprimento dos obxectivos de 2015 foi de preto do 100 por cento.

OS PRÉSTAMOS JEREMIE DA XUNTA MOBILIZAN 25 MILLÓNS EN 45 OPERACIÓNS IMPULSADAS POR PEMES GALEGAS

- *O Goberno galego autoriza 15 novos proxectos que mobilizan 7 millóns de euros e se suman ás 30 iniciativas xa impulsadas contribuíndo á creación de 168 postos de traballo e ao mantemento de case 900 empregos*
- *Tres de cada catro proxectos están a ser desenvolvidos por microempresas e pequenas compañías, que se benefician de operacións que contan con xuros fixos de arredor do 0,2% e ata 11 anos de amortización cun de carencia*
- *O sector industrial, co 56%, os servizos (19%), a hostalaría (14%) e o comercio (10%) abranguen os proxectos aprobados*
- *Cóbrese ata o 70% do investimento con préstamos de 49.000 ata 1,8 millóns, apoiando iniciativas que van desde un obradoiro tradicional para a fabricación de pan ata a adquisición de maquinaria para incrementar a capacidade produtiva das compañías*
- *Os Jeremie súmanse aos 185 millóns activados neste comezo de ano pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para fomentar o emprego, o investimento empresarial, a eficiencia enerxética, a innovación ou a internacionalización*

A Xunta de Galicia está a colaborar co tecido empresarial galego, mellorando a súa capacidade de financiamento co obxectivo de consolidar a recuperación económica. Neste sentido, o Consello da Xunta coñeceu hoxe 15 novos proxectos que mobilizan 7 millóns de euros impulsados a través dos préstamos Jeremie do Igape, activados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Así, desde a activación deste liña hai un ano, téñense mobilizado xa 25 millóns de euros en 45 iniciativas promovidas por pemes galegas, contribuíndo a novos investimentos, á ampliación de instalacións ou á diversificación da produción.

Para acadar estas cifras, concedéronse preto de 14 millóns de euros en préstamos empresariais con condicións moi vantaxosas, que contribúen á creación de 168 postos de traballo e ao mantemento de case 900 empregos.

Deste xeito os préstamos Jeremie están a achegar financiamento ás pemes galegas, destinatarias desta liña de apoios. Así, cómpre salientar que tres de cada catro proxectos están a ser desenvolvidos por microempresas e pequenas compañías, que se benefician de operacións que contan con xuros fixos de arredor do 0,2% e ata 11 anos de amortización cun de carencia.

Os Jeremie configúranse así como unha importante ferramenta de apoio ás pequenas e medianas empresas galegas, achegando contías que oscilan entre os 49.000 euros e os 1,8 millóns para financiar ata o 70% das iniciativas. Desta forma, téñense apoiado proxectos de diferentes dimensións que van desde un obradoiro tradicional para a

fabricación de pan ata a adquisición de maquinaria para incrementar a capacidade produtiva das compañías. Así, o 56% das actuacións aprobados enmárcanse no sector industrial; o 19%, no sector servizos; o 14% corresponde á hostalería; e o 10% ao comercio.

Neste contexto, o apoio a proxectos industrias permitiu ampliar ou mellorar a capacidade produtiva de empresas como Intaf Promecan, Evolventia, Maderas del Noroeste, Carpintería Metálica Alumnas, Hermanos García Rocha ou Marsan Transformacións Profesionais.

Así mesmo, estanse a apoiar outro tipo de iniciativas como o acondicionamento do Balneario de Caldas de Partovia, no Carballiño; a creación dun parque acuático multiaventura en Sanxenxo impulsado pola sociedade Aqua Dakart; outro parque multiaventura en Padrón, da man da compañía Pekexogo Animación e Ocio; ou a adecuación dunha residencia xeriátrica en Vigo con 40 prazas que permitirá manter 20 empregos.

185 millóns en apoios

A liña de préstamos Jeremie ten á disposición do tecido empresarial galego outros 13 millóns de euros co obxectivo de seguir apoiando os investimentos das pemes galegas. Uns apoios que se complementan cos 185 millóns –o 70% dos programas de axudas para o 2016- que a Consellería de Economía, Emprego e Industria activou neste comezo de ano, e que inclúen actuacións centradas no fomento do emprego, no investimento empresarial, na eficiencia enerxética, na innovación ou a internacionalización.

OS PLANS DE APOIO ÁS INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS E Á INVESTIGACIÓN CONCENTRAN O 70% DOS FONDOS DESTINADOS POLA XUNTA ÁS UNIVERSIDADES NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2015

- *O Goberno galego asinou 17 convenios de colaboración coas tres institucións por un importe superior aos 850.000 euros, unha cantidade que se suma ás recibidas a través do Plan de financiamento*
- *Os proxectos de inserción laboral seguen a ser unha das iniciativas que máis accións cooperativas acapara*

Os plans de apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación concentran gran parte dos convenios asinados pola Xunta coas tres universidades galegas (un total de 6) durante o segundo semestre do ano pasado, absorbendo case un 70% dos fondos achegados. Igualados en número de convenios séguenlle os proxectos de inserción laboral dos titulados, tal e como se desprende do informe que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria elevou hoxe ao Consello da Xunta.

En total, o Goberno galego asinou 17 convenios de colaboración coas universidades entre xullo e decembro por un importe conxunto superior aos 850.000 euros, unha cantidade que se suma ás que reciben as tres institucións a través do Plan de financiamento. Ademais, o importe medio dos convenios experimentou unha suba con respecto ao segundo semestre de 2014, posto que pasou de 45.894 euros a 50.027 en 2015.

Seguidas das accións de apoio ás infraestruturas científico-tecnolóxicas e á investigación, e dos programas de inserción laboral –que representan un 35,3% cada unha–, o resto dos convenios destináronse a apoiar a implantación do sistema docente (con 2 convenios), a impulsar accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado (1), a financiar investigacións que se consideran urxentes ou de especial interese para a consellería correspondente (1) ou a mestrados oficias (1).

Desagregado por universidades e consellerías

Por universidades, a Universidade de Santiago de Compostela obtén neste período o 67,46% das achegas dos ditos convenios, a da Coruña concentra o 26,66% e a de Vigo recibe o 5,88%.

En termos xerais, o ano pasado –contabilizando tanto o primeiro como o segundo trimestre– asináronse un total de 66 convenios de colaboración coas universidades por un valor superior aos 2,4 millóns de euros.

En canto ao número de convenios por consellería, Economía e Industria, así como Sanidade, asinaron 4 cada unha; Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza, xunto coa propia consellería de Cultura e Educación e Medio Rural e Mar puxeron en marcha 2; mentres que Traballo e Benestar, MATI e Facenda desenvolveron 1.

Partidas de fóra do plan

Estes acordos insírense nas partidas denominadas de fóra do Plan, nas cales se inclúen convenios entre as universidades coas diferentes institucións públicas. Trátase, por tanto, dunha achega extra a maiores do asignado propiamente dentro do Plan. A través desta vía, durante o quinquenio 2011-2015 –que contou cunhas achegas totais de 2.230 millóns de euros–, as universidades recibiron máis de 377 millóns, con datos do pasado mes de xuño.

Para os vindeiros cinco anos, o novo Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 –dotado con preto de 2.480 millóns de euros– parte cunha previsión conservadora, ao cifrar as partidas de fóra do plan en 410 millóns para ese período.

A XUNTA CREAMÁ UNHA REDE DE LABORATORIOS PARA ACADAR UNHA MAIOR EFICACIA NO EIDO DA SAÚDE PÚBLICA

- ***Configurarase como o instrumento de intercambio efectivo de información de carácter técnico-científico***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre as consellerías de Sanidade, Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Mar, Medio Rural e Economía, Emprego e Industria para o establecemento dunha Rede Integrada de Laboratorios de interese en Saúde Pública de Galicia (REDGALICIA).

O seu obxectivo é acadar unha maior eficacia nos programas de vixilancia e control dos riscos para a saúde da poboación a través da coordinación e a intercolaboración de todos os recursos existentes na Comunidade Autónoma.

Polo tanto, esta rede configurarase como o instrumento de intercambio efectivo de información de carácter técnico-científico no que participen os laboratorios públicos correspondentes, no caso de que a información xerada ou a necesidade da súa intervención sexan precisas para as actuacións a realizar en materia de saúde pública.

No eido estritamente sanitario, a rede estará integrada polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia (dependente da Consellería de Sanidade) e polo Laboratorio de referencia das Encefalopatías Humanas (situado no CHUVI); o Laboratorio de referencia da gripe (situado no CHUVI); o Laboratorio de referencia do Pneumococo (situado no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol); o Laboratorio de Referencia de Micobacterias de Galicia (situado no CHUS); e o Laboratorio de Referencia de Metabolopatías (situado no CHUS); todos eles dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Ademais, formarán parte da rede o Laboratorio do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR, dependente da Consellería do Mar); o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia (dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio); o Laboratorio de Consumo de Galicia (dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria); e o Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e o Centro Tecnolóxico da Carne, dependentes da Consellería do Medio Rural.